



CONCELLO
DE POIO

1972-2022
50 Combarro
Conxunto Histórico



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A ADQUISICIÓN DUNHA MÁQUINA BIOTRITURADORA PARA A TRITURACIÓN DO MATERIAL ESTRUTURANTE.

INTRODUCCIÓN

A xestión dos biorresiduos está considerada por moitos expertos como a columna vertebral dun bo sistema de xestión dos residuos xerados pola poboación. Isto é así debido a que si se recollen de forma separada os residuos orgánicos e se someten posteriormente a tratamento biolóxico, acádanse múltiples beneficios. A xestión dos biorresiduos a través da compostaxe nas súas múltiples variantes (individual ou comunitaria) produce unha emenda orgánica moi valiosa que se pode utilizar no solo, incrementando o contido en materia orgánica e mellorando a súa fertilidade e o rendemento dos cultivos.

Os biorresiduos son os compoñentes maioritarios dos residuos xerados a nivel global (aproximadamente o 50% da totalidade dos residuos). Debido ao peso, cantidade de auga e a biodegradabilidade dos biorresiduos, é posible o seu tratamento no propio lugar onde foron xerados ou moi preto del.

Polo tanto, a práctica da compostaxe doméstica e comunitaria preséntase como a alternativa óptima de tratamento e valorización dos biorresiduos no propio punto de xeración, o que evita a entrada dos mesmos nos circuitos normais de recollida, reducindo os niveis de contaminación ocasionado polas emisións de gases de efecto invernadoiro e aforrando os custes de recollida, transporte e tratamento en instalacións posteriores. Ademais, permite pechar o ciclo da materia orgánica “*in situ*” cando o compost obtido é aplicado polos propios usuarios.

O sistema de compostaxe implantado no concello preséntase coma a alternativa máis eficaz e sostible para tratar e valorizar a fracción orgánica xerada nos fogares do municipio, sendo preciso para o seu óptimo funcionamento a aportación de material estruturante procedente dos restos triturados de poda seca para que sexa depositado e mesturado xunto aos restos orgánicos. A través deste sistema é posible acadar unha dobre función, xa que por un lado se cubre a necesidade do sistema de xestión de residuos e ao mesmo tempo se produce a valorización dos residuos procedentes da poda “*in situ*”, no mesmo lugar onde se xeran.

Ante a necesidade constante de produción e subministración do material estruturante aos veciños do municipio, contéplase como prioritario a adquisición dunha máquina trituradora que permita cubrir o servizo de triturado dos restos orgánicos procedentes da poda efectuada no concello. No seguinte prego de prescricións técnicas recóllense as características técnicas especiais que debe ter a trituradora para poder cubrir todas as necesidades xeradas no municipio.

Obxecto do contrato:

Compra dunha biotrituradora ao abeiro das SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE BIORRESIDUOS. FONDOS DE RECUPERACIÓN E RESILENCIA NEXT GENERATION EUROPE MT975K).

Necesidade a satisfacer:



Esta actuación viría a satisfacer a necesidade existente da compra dunha biotrituradora, de nova fabricación e sen uso previo, para a prestación do servizo de triturado dos restos de poda para ser empregados no proceso de compostaxe como estruturante.

Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de subministración de conformidade co disposto nos artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), polo que as partes quedan sometidas expresamente ao disposto no citado texto normativo, e demais disposicións de aplicación en materia de contratación pública; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A máquina biotrituradora subministrada abonarase con cargo á **SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE BIORRESIDUOS. FONDOS DE RECUPERACIÓN E RESILENCIA NEXT GENERATION EUROPE MT975K.**

División en lotes do obxecto do contrato

O obxecto do contrato non se divide, a efectos da súa execución, en lotes.

Códigos de identificación das prestacións obxecto do contrato

O obxecto do contrato identifícase cos códigos seguintes:

Código CPV	
Descrición	42996100-5 Trituradoras

Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación entenderase como o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, consonte ao disposto no artigo 100 da LCSP e que neste caso ascende ao importe de **34.000 €.**

Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato, de acordo co recollido no artigo 101 da LCSP constitúe o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadoiro á empresa contratista segundo as estimacións do órgano de contratación. Polo tanto, o valor estimado do presente contrato ascende á cantidade de VINTE E OITO MIL NOVENTA E NOVE MIL DEZASETE EUROS (**28.099,17 €**).

Financiamento

O importe do presente contrato abonarase con cargo á **SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE BIORRESIDUOS. FONDOS DE RECUPERACIÓN E RESILENCIA NEXT GENERATION EUROPE MT975K** así como a fondos propios consignados no orzamento municipal do exercicio 2023.

Existencia de crédito

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, no seu caso: 16231.62300.

Asinado dixitalmente á marxe na data indicada

O Alcalde. Ángel Moldes Martínez





CONCELLO
DE POIO

1972-2022
50 Combarro
Conxunto Histórico

